




FRAGA DAS FREITAS


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5 km (circular)

Dificultade: media


Duración: 2 a 3 horas



Unha camiñada de pouco máis de 5 km para percorrer un bosque de características únicas. O bosque de maior extensión de carbas, unha especie de carballo propia das alturas das serras, que noutros tempos cubreu grandes extensións nos Ancares, pero que a explotación madeireira en tempos pasados levou case á desaparición. Os exemplares de gran porte son escasos e os poucos que se atopan, superviventes de tempos antigos, seguramente foron descartados por defectuosos na época das cortas masivas, das que quedan como testemuña algunhas cañotas e toros de dimensións considerables. Os exemplares máis grosos, entre os novos, están entre os 3 e os 4 m de perímetro.

PERCORRIDO:

Comezamos a camiñada en Piornedo pola estrada que vai a Suárbol e a uns 150 m da última casa collemos o desvío á esquerda polo camiño vello de Piornedo a Moreira, chan de saída pero con fortes pendentes en baixada máis adiante, por el iremos vendo as primeiras carbas, rebolos, un cortín e algúns castiñeiros. No punto onde fai unha ampla curva á esquerda sae un carreiro pouco evidente, pero doado de seguir, polo que nos adentramos no bosque. Desde este carreiro que se mantén nun nivel con pequenas subidas e baixadas, mirando a un e outro lado iremos descubrindo as árbores. Na metade do traxecto o carreiro ábrese en camiño e xa sen perda posible avanzamos por el ata chegar á estrada. Alí collemos cara á dereita e por ela volvemos ao punto de partida, ou podemos optar por volver polo bosque; para eso ao chegar á primeira curva da estrada debemos meternos polo camiño que sae de fronte e sube ao monte. Uns 100 m adiante o camiño faise menos notorio e bifúrcase, nese sitio se collemos o ramal da esquerda, en subida, volvemos á estrada e se continuamos de fronte facemos outro paso polo bosque e, rodeando o cume do Chao da Cruz, enlazamos cos camiños que baixan a Piornedo.





Carba de 7,10 m de perímetro.



Carba de 5 m de perímetro.



Carba ou carballo albariño
(*Quercus petraea*).



Carba de 3,80 m de perímetro




Carba de 4,30 m de perímetro.



Cañota dunha carba.



Fungo sobre unha carba.



Castiñeiro



Rebolo (*Quercus pyrenaica*)



Lique sobre o toro dunha árbore.